

## LA

Abro os ollos amodo. O reloxo di que son as dez. É sábado, non tiña que madrugar para ir ao instituto, polo que puiden aproveitar para durmir un pouco máis. Visto e miro a fiestra, segue tapada coas cortinas, apártoas. No cuarto entra unha luz tímida que se intensifica por momentos. Nubes pintan un ceo gris, parece que vai chover.

Un gato negro chama a miña atención, obsérvame desde o xardín da casa do lado. A súa mirada persegue a miña, como se intentase falar comigo. Ao seu carón está sentada unha anciá moi delgada. Leva un mandil azul de cadros e unha saia negra. Calceta sen parar. A súa cara está asolagada polas engurras. O cabelo recollido. Non aparta a mirada da la. Asómbrame a axilidade das súas mans, o nobelo reduce o seu tamaño velozmente devorado por uns dedos insaciabes. Permanezo varios minutos observándoa. O movemento das agullas semella hipnotizarme.

Como é que nunca me fixara na veciña? Estrañada sento apoiando a cabeza na fiestra. Teño que entregar un traballo para o luns e aínda non o empecei, non podo perder máis o tempo. Tecleo a primeira palabra cando chaman ao timbre. Vou á entrada e pregunto quen é. Abro a porta. Uns ollos verdes nadando entre engurras saúdanme...

- Ola, son a túa veciña, perdoa que te moleste, poderíasme deixar algún nobelo de la? Utiliceinos todos e non atopo ningún pola casa. Necesito calcetar.
- Bo día, non sei se temos, síntoo. Pero teño que saír a facer uns recados e, se quere, mércolle algúns.
- Non te preocupes, moitas grazas.

A muller mira para as miñas mans, fíxase nos meus dedos e sorrí. De súpeto a idea dos nobelos de la quedou fixada na miña mente. Pechei a porta. Non pensaba no traballo que estaba facendo, tiña unha estraña sensación. Sentía a necesidade de ver de novo a anciá. Busquei la por todas as partes pero nada. A única opción que tiña era ir a unha tenda.

No centro atopei un comercio de la. No fondo hai unha mesa con caixas repletas de botóns e agullas de diferentes tamaños. Grandes mobles expoñen teas de diferentes texturas, as súas paredes estaban ateigadas de andeis con nobelos de cores. Sentín como

ao tocar algúns deles estes espertasen, non sei como explicalo, pero parecía que me chamaban. Cales lle gustarían a esa anciá? Había tantos que era incapaz de decidirme. De repente, no máis alto dun estante catro nobelos de cor verde chamaron a miña atención. De que me soa ese verde?... Non sei por que pero decateime de que eran eses os que necesitaba. Pago, collo a bolsa e sen parar na miña casa achégome á da veciña. Aínda non apartara a man do timbre cando notei que a porta se abría, parece que me estaba esperando. Unha sensación desacougante percorre o meu corpo.

- Ola... Tráíolle estes nobelos da tenda, tiña que mercar tamén outras cousas así que aproveitei. A verdade é que non sabía moi ben cales escoller, polo que trouxen estes.
- Ola! Es moi amable. Con catro chegan de sobra. Pasa, pasa, non quedas aí. Xusto é o verde que necesito. - O gato negro miroume aloumiñándome coas súas patas. - Queres un té?
- Si, grazas.

Avanzo por un corredor escuro, longo, moi longo. Sígoa ata o salón. Alí invádeme un olor a pechado. Sento nun sofá marrón de coiro mentres ela prepara o té. O que vexo déixame abraiada. Sobre a mesa, sobre os andeis, ducias de nobelos dormen amoreados. Hainos sobre as alfombras, agochados tras as macetas, a maioría verdes... Achégome a un deles, está cuberto de po. Sinto frío, que estraño! Unha la que dá frío. Miro a miña bolsa, é ese verde, como pode ser? O único que quero é saír de alí. Minto dicindo que se me fai tarde. Ela despídese e dáme as grazas de novo. Subo ao meu cuarto desconcertada e miro pola fiestra. Na porta da casa hai un cartel: "Véndese". Xuraría que non estaba cando acabo de chamar.

Despois de comer non son capaz de estudar. Pregúntolle á miña nai se sabe quen vende a casa. Por que a anciá ía facer iso? Cando a visitei pola tarde non estaba o cartel.

- Como venden esa casa se está vivindo unha persoa nela?
- Xela, esa casa hai moitos anos que está deshabitada. A antiga dona desapareceu hai moito tempo, nunca se soubo máis nada dela. Uns familiares vana vender, ao parecer.

Pecho os ollos. Estou enlouquecendo? Vou ao meu cuarto e miro pola fiestra de novo. Uns ollos verdes observábanme. É ela, sorrí. Non afasta a vista de min pero segue calcetando. Os nobelos de la desaparecen fugazmente, os meus nobelos. Como poden as

súas mans ter tanta axilidade? Esta vez ao seu arredor hai máis gatos. Sinto unha inexplicable necesidade de ir alí, unha atracción incontrolable. O meu corazón latexa acelerado a cada paso. Chego á porta. Está aberta. Agárdame. Cruzo o salón e saio ao xardín. Alí non hai ninguén. Só quedan os verdes ollos que me observaban pola mañá. O gato senta diante do asento onde estaba a anciá. Nun lado atopo a bolsa dos nobelos e unhas agullas. Cólloas tremendo. Sento e comezo a calcetar, non podo parar.

Iso foi hai anos. Agora sigo aquí...